

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL COTOBADE

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE COTOBADE*

O pleno do Concello de Cotobade en sesión ordinaria de data de 26 de novembro de 2015 aprobou provisoriamente a aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais do Concello de Cotobade ( BOP nº 232 de 01 de decembro de 2015 ) rematado o prazo de exposición ao público sen presentarse reclamacións elévase a definitivo o acordo provisional e en cumprimento do establecido co artigo 17.3 e 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais Reguladoras das Facendas Locais , publícase o texto íntegro da aprobación definitiva da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DE INSTALACIONES DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE COTOBADE co seguinte contido:

#### **“ ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DE INSTALACIONES DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE COTOBADE**

##### *Artigo 1º. Fundamento e natureza*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade con o disposto nos artigos 15 a 27 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “ Taxa por Utilización das Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Cotobade “ que rexerese tanto por a presente Ordenanza Fiscal e demais normativa de aplicación, as normas da cal atenden ao previsto no artigo 57 e concordantes do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.



**Artigo 2º. Feito imposable**

Constitúe o feito imposable da taxa a actividade administrativa desenvolvida como consecuencia da utilización por persoas físicas ou xurídicas, calquera que sexa a súa clase, das instalacións deportivas de carácter municipal, incluída a utilización do equipamento e accesorios correspondentes.

**Artigo 3º. Suxeito pasivo**

Son suxeitos pasivos da presente taxa, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria eo artigo 23 do do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que utilicen ou disfruten das instalacións deportivas de carácter municipal.

**Artigo 4º. Exencións e bonificacións**

Non se prevén exencións nin bonificacións na presente Ordenanza, agás as previstas expresamente en normas de rango legal.

**Artigo 5º. Cota tributaria**

*Primeiro.*—A cota tributaria determinarase por aplicación do seguinte Cadro de Tarifas:

1.—Actividades en pista cuberta dos PAVILLONS MUNICIPAIS DE CARBALLEDO E TENORIO.

Pista do pavillón /hora	6,00 €
Pista do pavillón ½ /hora	4,00 €

2.—Actividades no CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE HERBA SINTETICA DE AS EXTREMAS

	Sen luz	Con luz
Campo de fútbol 7/hora ou fracción	10,00 €	12,00 €
Campo de fútbol 11/hora ou fracción	12,00 €	14,00 €
Campo de fútbol 11/partido	18,00 €	20,00 €

Aos efectos do cálculo da tarifa con utilización de luz eléctrica , fixéanse os seguintes períodos para o funcionamento de luz artificial:

- Do 01 de outubro ao 30 de abril do ano seguinte: a partires das 19:00 h.
- Do 01 de maio ao 30 de setembro : a partires das 21:00 h.



3.—Utilización dos pavillóns para espectáculos ou actos extradeportivos: 300,00 €/día

4.—Publicidade estática nas instalacións deportivas municipais.

A instalación de carteis publicitarios nas instalacións deportivas municipais estarán gravados cunha taxa de 100,00 € /ano .

Os carteis serán realizados en canto a dimensións e materiais coas características que regulamentariamente determine o Concello de Cotobade. Os gastos de deseño e instalación dos carteis serán en todo caso por conta do solicitante da ocupación correspondente.

#### *Artigo 6º. Normas de Xestión*

1. Devengarse a Taxa e nace a obriga de contribuír dende que se inicie a prestación do servizo mediante a solicitude de reserva da instalación, a autorización de reserva ou a autorización para a prestación de calquera outros servizos que se atopen establecidos e tipificados na presente Ordenanza.

2. Consonte ao disposto no artigo 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o importe da taxa regulada na presente Ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación, debendo aboarse previamente antes de presentar a solicitude ou iniciar o aproveitamento.

3. A cobranza da taxa efecturase segundo os casos, mediante ingreso nas arcas municipais, ingreso a través de entidade colaboradora correspondente utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala a Lei Xeral Tributaria e normas ditadas no seu desenvolvemento. Asemade o cobro da taxa, previa autorización da utilización da instalación , poderase efectuar directamente nas instalacións deportivas aboando o importe correspondente ao encargado dos pavillóns coa entrega ao usuario do correspondente recibo numerado. As cantidades cobradas nas instalacións deportivas ingresaranse na Tesourería municipal previa formalización do correspondente mandamento de ingreso ao que se unirá a relación de suxeitos pasivos indicando día, hora e importe autoliquidado.

4. Con carácter xeral, o importe da taxa non poderá ser devolto máis que no caso de non se levar a cabo a utilización da instalación autorizada e sempre por causas non imputables ao suxeito pasivo.



*Artigo 7º. Infraccións e sancións*

1. Cando a utilización das instalacións leve aparelado a destrución ou deterioración destas, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación ou, se os danos fosen irreparables, ao abono dunha indemnización en contía global ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danos.

Nestes casos, cando a destrución ou deterioración das instalacións sexa inherente ao uso solicitado, o beneficiario estará obrigado ao depósito previo do importe correspondente. En aqueles casos en que tal destrución ou deterioración sexa por consecuencia do mal uso destas, a unidade de patrimonio municipal instruirá expediente independente en orde ao requirimento ao beneficiario dos custos ou indemnizacións a que se fixo referencia no parágrafo anterior. En todo caso, será o suxeito pasivo da taxa o obrigado a facer fronte ante o Concello dos custos ou indemnizacións que procedan, independentemente da súa repercusión, mediante os medios xurídicos que procedan, á persoa ou persoas que ocasionaran a destrución ou a deterioración das instalacións.

2. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que por estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na normativa regulamentaria ditada en desenvolvemento desta última.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMERA*

Os centros docentes públicos de Cotobade no horario lectivo dos mesmos e os clubs deportivos municipais e asociacións municipais sen ánimo de lucro inscritas con tal carácter no Rexistro Municipal de Asociacións non estarán obrigadas ao aboamento das tarifas do artigo 5 relativo a utilizacións das instalacións deportivas municipais para adestramentos, competicións federadas e actividades socioculturais. En todo caso estas entidades deberán dar cumprimento ao disposto no Regulamento de utilización das instalacións deportivas municipais do Concello de Cotobade publicado no BOP nº131 de 12 de xullo de 2010.

*DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

A partir da aplicación da presente Ordenanza Fiscal, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango opóñanse ao disposto nesta, e en particular a Ordenanza reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas e outros servizos análogos publicada definitivamente no BOP nº 50 de 13 de marzo de 2000.



*DISPOSICION FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día da publicación permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. “

Contra o presente acordo , conforme ao artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais Reguladoras das Facendas Locais, os interesados poderan interpor recurso contencioso administrativo , no prazo de dous meses contados partires do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

En Cotobade a 11 de xaneiro de 2016.—O Alcalde, Jorge Cubela López.

